

QUE É O GLAUCOMA?

O glaucoma é unha enfermidade dos ollos que se caracteriza por un aumento patolóxico da tensión intraocular, por falta de drenaxe de humor acuoso. Cando non se trata evoluciona cara unha neuropatía óptica que leva consigo unha perda progresiva das fibras do nervio óptico e cambios no seu aspecto.

Polo xeral non presenta síntomas nas primeiras fases da enfermidade, máis adiante poden aparecer defectos no campo visual e perda progresiva da visión.

Actualmente, o glaucoma é a segunda causa de cegueira no mundo, no noso país afecta ao redor dun millón de persoas.

QUE SÍNTOMAS PODO NOTAR?

Na forma máis común de glaucoma a acumulación da presión do humor acuoso ocorre lentamente, e non soe haber síntomas molestos ou dolorosos; nas variedades menos frecuentes de glaucoma os síntomas poden ser máis severos e inclúen:

- Visión borrosa.
- Dor de ollos e de cabeza.
- Náuseas e vómitos.
- Aparición de halos similares ao arco da vella ao redor das luces brillantes.
- Perda repentina da visión.

A QUEN AFECTA?

O glaucoma pode afectar a persoas de todas as idades, dende bebés ata adultos.

As persoas de maior risco son:

- Maiores de 60.
- Antecedentes de familiares con glaucoma.
- Persoas de ascendencia africana.
- Persoas con diabeite.
- Persoas con tratamento de esteroides de maneira prolongada.
- Persoas con presión intra ocular elevada.

O glaucoma non se desenvolve nin por ler moito, nin por ler con pouca luz, nin pola dieta, nin por usar lentes de contacto. Non é contaxioso.

COMO DETECTALO A TEMPO?

- Na poboación xeral : exames rutineiros oculares de medición de tensión ocular cada dous anos.
- Na poboación de risco : exame ocular anual a partires dos 35 anos.

A perda de visión causada por glaucoma é irreversible, pero se se detecta a tempo e se segue un tratamento con constancia pódese conservar a visión. Polo xeral o glaucoma pódese controlar con medicamentos ou cirurxía.

A GRF (Glaucoma Research Foundation) recomenda que as persoas con maior risco de desenvolver glaucoma e todas as persoas maiores de 60 se fagan un exame ocular coa pupila dilatada cada un ou dous anos.

Se queres coñecer a túa tensión ocular ou si tes algunha dubida podes poñerte en contacto connosco